



A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2020 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de decembro de 2019.
- * Aprobación do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2020/2021.
- * Aprobación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2020/21.
- * Aprobación do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2020/21.
- * Aprobación do regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de grao e doutoramento.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin Off “Blue Structure”.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na asociación INFAB HUB.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na asociación INTERVAL, Polo español de INTEROP-Vlab.
- * Aceptación da aceptación da doazón do equipo T2010A LTE Wireless Communications Test Set, á Universidade de Vigo, por parte da empresa Keysight Technologies.

O Secretario Xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CSV : GEN-9de4-c6e7-6b13-21cf-c4e3-47c1-7609-178a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es>

FIRMANTE(1) : MIGUEL ANGEL MICHINEL ALVAREZ | FECHA : 22/01/2020 14:17

